

Temporada
de abono

25/26

12/12/25
V08



SINFÓNICA
DE GALICIA

Josep Caballé Domenech *director*

Abono
VO8

📍 Palacio de la Ópera
A Coruña

🕒 20h

12/12/25
VO8

ANTON BRUCKNER (1824-1896)

Sinfonía nº 5 en si bemol mayor (81')

- I. Adagio – Allegro
- II. Adagio. Sehr langsam
- III. Scherzo. Molto vivace (Schnell)
- IV. Finale. Adagio – Allegro moderato

Josep Caballé Domenech *director*

*Josep Caballé Domenech sustituye esta noche a la previamente anunciada Eva Ollikainen quien se ha visto obligada a cancelar su presencia en A Coruña por enfermedad.

UNHA CATEDRAL SONORA FORXADA NA ADVERSIDADE

Composta nun momento especialmente difícil da carreira de Bruckner —tras ser rexeitado pola Universidade de Viena e atacado pola crítica—, a Quinta Sinfonía constitúe a súa resposta a quen cuestionaba a súa competencia técnica. Trátase dunha obra de extraordinario rigor contrapuntístico e de dimensións case catedralicias, que fusiona a severidade barroca co éxtase romántico. Co paso do tempo converteuse nun símbolo tanto do xenio compositivo do músico austríaco como do recoñecemento tardío que caracterizou a súa traxectoria.

Anton Bruckner (1824-1896)

Sinfonía n.º 5 en si bemol maior, WAB 105 (c. 1875-1876; rev. 1877-1878)

Cando Bruckner iniciou a composición da súa Quinta Sinfonía, atravesaba unha profunda crise persoal e profesional. Aos cincuenta anos, aquel organista de provincias convertido en profesor do Conservatorio de Viena loitaba por obter recoñecemento como compositor sinfónico. A súa aberta admiración por Richard Wagner granxearalle a animadversión do influente crítico Eduard Hanslick e dos seus seguidores, o que dificultou de maneira notable o seu avance profesional. A negativa á súa solicitude para un posto remunerado na Universidade de Viena en 1874 fora especialmente dolorosa: o tribunal chegou incluso a sinalar que nin sequera estaba claro que materia pretendía ensinar. Nese contexto, Bruckner canalizou a súa frustración cara á creación da súa sinfonía máis rigorosa e arquitectonicamente complexa.

A Quinta destaca por iniciar cunha introdución lenta tanto o primeiro movemento como o finale (característica pouco habitual na súa obra), o que contribúe a unha arquitectura de proporcións monumentais. A obra evoca con forza a resonancia do órgano —instrumento que Bruckner dominaba maxistralmente— e suxire os espazos acústicos das grandes igrexas. Non resulta estraño, por tanto, que esta sinfonía recibise o alcume de “Sinfonía da Fe” nin que se compare a miúdo cunha catedral. Por unha banda, o seu universo sonoro combina a austeridade dun exercicio académico con momentos de éxtase místico, xerando unha experiencia auditiva que desafía e conmove por igual. Pola outra, a solidez da súa construción lembra a dos imponentes templos góticos, mentres que os contrastes abruptos —entre o íntimo e o monumental, entre o recolleemento devoto e o xúbilo apoteósico— alcanzan aquí unha intensidade particular, especialmente nas transicións do finale.

O primeiro movemento ábrese cunha introdución de extraordinaria solemnidade. Sobre un pizzicato solitario dos contrabaixos emerxe un motivo ascendente nas cordas que establece o ton contemplativo da obra. Este xesto inicial, aparentemente modesto, contén o xermolo temático que unificará toda a sinfonía. O Allegro posterior desenvolve dous grupos temáticos contrastados: o primeiro, misterioso e expectante sobre un trémolo case imperceptible; o segundo, de carácter coral, presentado inicialmente en pizzicato polas cordas. A alternancia entre pasaxes de intimidade camerística e explosións orquestrais masivas crea unha narrativa marcada pola continua tensión e liberación.

O movemento seguinte, Adagio, contén unha das melodías máis conmovedoras de todo o repertorio bruckneriano. Comezando cun unísono en pizzicato, debuxa unha ampla liña melódica de extraordinaria lonxitude e beleza, que alterna con episodios de carácter hímnico. Este Adagio —que comparte o ethos sacro doutras obras relixiosas do compositor— funciona como o corazón emocional da sinfonía, ofrecendo momentos de introspección lírica entre as complexas arquitecturas sonoras dos movementos externos. O Scherzo achega o esperado contraste rítmico mantendo a coherencia temática da obra. Iníciase cun material que lembra a atmosfera do Adagio precedente e que axiña se transforma nunha danza vigorosa de carácter case rústico. O Trío central, máis lírico, presenta un ländler estilizado con xiros melódicos propios da tradición centroeuropea, ofrecendo un respiro bucólico antes do regreso da enerxía rítmica inicial.

Como conclusión, o finale monumental constitúe un dos logros máis extraordinarios do sinfonismo decimonónico. Tras unha introdución que retoma material do primeiro movemento, Bruckner desenvolve unha ampla sección fugada de proporcións colosais inserida nunha complexa estrutura formal que combina elementos de sonata con procedementos contrapuntísticos. O movemento alterna pasaxes de extrema complexidade polifónica con momentos de afirmación coral nos metais, culminando nunha coda de resplandecente grandiosidade onde os temas principais converxen nun final apoteósico.

A fortuna da Quinta Sinfonía exemplifica as dificultades ás que Bruckner tivo que facer fronte ao longo da súa vida. A obra nunca se interpretou en Viena mentres viviu, e o seu estreo en Graz en 1894 —ao que o compositor, xa gravemente enfermo, non puido asistir— empregou unha versión alterada polo seu alumno Franz Schalk. Esta versión, que eliminaba seccións enteiras da fuga final e introducía reorquestracións alleas ao estilo bruckneriano, dominou as salas de concerto durante décadas. Non foi até 1935, case corenta anos despois da morte de Bruckner, cando a sinfonía se interpretou por primeira vez baseándose no manuscrito de 1878, baixo a dirección de Siegmund von Hausegger coa Filharmónica de Múnic. Hausegger —devoto wagneriano desde a mocidade e con vínculos familiares indirectos co círculo de Bayreuth— parecía o intérprete ideal para restituír a autenticidade bruckneriana. Porén, este acto de xustiza musical produciuse nun momento no que o nacionalsocialismo xa se atopaba plenamente asentado en Ale-

maña, e as relacións profesionais de Hausegger con institucións do réxime afectarían posteriormente á súa reputación.

Para o público contemporáneo, a Quinta Sinfonía de Bruckner ofrece unha experiencia única dentro do repertorio sinfónico. Non é unha obra que procure a complacencia fácil: a súa beleza austera e a súa complexidade estrutural esixen unha escoita atenta e sostida. Con todo, quen se entrega á súa lóxica interna descobre unha obra de poder transformador. A sinfonía pode interpretarse como unha mensaxe de perseveranza ante a adversidade, de procura do transcendente a través do traballo minucioso e do triunfo da creatividade fronte ás circunstancias máis difíciles. Como toda gran obra de arte, transcende as condicións da súa creación para ofrecernos unha experiencia profundamente relevante e conmovedora máis dun século despois de ser composta.

Unha partitura “desnazificada”

A recuperación do texto orixinal da Quinta Sinfonía de Bruckner está marcada polas cicatrices políticas do século XX. Existen dúas edicións críticas case idénticas baseadas no manuscrito autógrafo de 1878: a de Robert Haas e a de Leopold Nowak. Haas publicou a súa edición en 1935, nun contexto no que o nacionalsocialismo dominaba Alemaña. Restabeleceu o manuscrito orixinal de Bruckner eliminando as intervencións de Schalk segundo criterios daquela aceptados, aínda que con decisións editoriais interpretativas propias que posteriormente foron obxecto de debate. Realizou este traballo ao tempo que se aliñaba activamente co réxime nazi, que instrumentalizou a figura de Bruckner como símbolo dun arte xermánico “puro”. Tras a guerra, o proceso de desnazificación imposto polos Aliados invalidou o traballo de Haas debido ás súas asociacións políticas. En 1951, Leopold Nowak —o seu rival académico— foi designado para producir unha nova edición completamente independente. O mesmo manuscrito deu así lugar a dúas edicións moi próximas entre si, separadas por unha guerra mundial e por un profundo abismo ideolóxico.

UNA CATEDRAL SONORA FORJADA EN LA ADVERSIDAD

Compuesta cuando Bruckner atravesaba un momento difícil de su carrera —tras haber sido rechazado por la Universidad de Viena y atacado por la crítica—, la Quinta Sinfonía fue su respuesta a quienes cuestionaban su competencia técnica. Se trata de una obra de extraordinario rigor contrapuntístico y de dimensiones catedralicias, que fusiona el rigor barroco con el éxtasis romántico. Ha acabado convirtiéndose en símbolo tanto del genio compositivo del músico austriaco como del reconocimiento tardío que caracterizó su carrera.

Anton Bruckner (1824-1896)

Sinfonía n.º 5 en Si bemol mayor, WAB 105 (c. 1875-1876; rev. 1877-1878)

Cuando Bruckner inició la composición de su Quinta Sinfonía, atravesaba una profunda crisis personal y profesional. A sus cincuenta años, este organista de provincias convertido en profesor del Conservatorio de Viena luchaba por obtener reconocimiento como compositor sinfónico. Su abierta admiración por Richard Wagner le había granjeado la animadversión del influyente crítico Eduard Hanslick y de sus seguidores, lo que dificultó notablemente su carrera. El rechazo de su solicitud para un puesto remunerado en la Universidad de Viena en 1874 había sido especialmente doloroso: el tribunal señaló que ni siquiera estaba claro qué materia pretendía enseñar. En este contexto, Bruckner canalizó su frustración hacia la creación de su sinfonía más rigurosa y arquitectónicamente compleja.

La Quinta destaca por comenzar con una introducción lenta tanto en el primer movimiento como en el *finale* (característica que comparte con pocas de sus obras), creando una arquitectura de proporciones monumentales. La obra evoca poderosamente la resonancia del órgano —instrumento que Bruckner dominaba magistralmente— y sugiere los espacios acústicos de las grandes iglesias. No es, por lo tanto casual, que esta sinfonía haya recibido el apelativo de “Sinfonía de la Fe” ni que sea comparada a menudo con una catedral. Por una parte, su universo sonoro combina la austeridad de un ejercicio académico con momentos de éxtasis místico, creando una experiencia auditiva que desafía y conmueve por igual. Los contrastes abruptos característicos de Bruckner —entre lo íntimo y lo monumental, entre el recogimiento devoto y el júbilo apoteósico— alcanzan aquí una intensidad particular, especialmente en las transiciones del finale. Por otra parte, la solidez de su construcción recuerda la de los imponentes templos góticos.

El primer movimiento se abre con una introducción de extraordinaria solemnidad. Sobre un pizzicato solitario de los contrabajos emerge un motivo ascendente en las cuerdas que establece el tono contemplativo de la obra. Este gesto inicial, aparentemente modesto, contiene el germen temático que unificará toda la sinfonía. El Allegro subsiguiente desarrolla dos grupos temáticos contrastantes: el primero misterioso y expectante sobre un trémolo casi imperceptible, el segundo de carácter coral, presentado inicialmente en pizzicato por las cuerdas. La alternancia entre pasajes de intimidad camerística y explosiones orquestales masivas crea una narrativa de constante tensión y liberación.

El siguiente movimiento, Adagio, contiene una de las melodías más conmovedoras de todo el repertorio bruckneriano. Iniciándose con un unísono en pizzicato, despliega una extensa melodía de extraordinaria longitud y belleza que alterna con episodios de carácter himnico. Este Adagio, que comparte el ethos sacro con otras obras religiosas del propio Bruckner, funciona como el corazón emocional de la sinfonía, ofreciendo momentos de introspección lírica entre las complejidades arquitectónicas de los movimientos externos. El Scherzo proporciona el esperado contraste rítmico manteniendo la coherencia temática de la obra. Comienza con material que evoca el ambiente del Adagio precedente y que se transforma rápidamente en una danza vigorosa de carácter casi rústico. El Trío central, más lírico, presenta un *ländler* estilizado con giros melódicos característicos de la tradición centroeuropea. Ofrece un momento de respiro bucólico antes del retorno de la energía rítmica del Scherzo.

Como conclusión, el finale monumental constituye uno de los logros más extraordinarios del sinfonismo decimonónico. Tras una sección introductoria que recapitula material del primer movimiento, Bruckner despliega una extensa sección fugada de proporciones colosales dentro de una compleja estructura formal que combina elementos de sonata con procedimientos contrapuntísticos. El movimiento alterna pasajes de complejidad polifónica extrema con momentos de afirmación coral en los metales, culminando en una coda de resplandeciente grandiosidad donde los temas principales de la sinfonía convergen en una conclusión apoteósica.

La fortuna de la Quinta Sinfonía ejemplifica las dificultades que Bruckner enfrentó durante su vida. La obra nunca se interpretó en Viena mientras vivió, y su estreno en Graz en 1894 —al cual el compositor, gravemente enfermo, no pudo asistir— utilizó una versión alterada por su alumno Franz Schalk. Esta versión, que elimina secciones enteras de la fuga final y añade reorquestaciones ajenas al estilo bruckneriano, dominó las salas de concierto durante décadas. No fue hasta 1935, casi cuarenta años después de la muerte de Bruckner, cuando la sinfonía se interpretó por primera vez basándose en el manuscrito de 1878, bajo la dirección de Siegmund von Hausegger con la Filarmonía de Múnich. Hausegger, devoto wagneriano desde su juventud y con vínculos familiares indirectos con el círculo de Bayreuth, parecía el intérprete ideal para restituir la autenticidad bruckneriana. Sin embargo, este acto de justicia musical ocurrió cuando el nacionalsocialismo ya se había afianzado en Alemania, y Hausegger mantuvo

relaciones profesionales con instituciones del régimen que posteriormente afectarían su reputación.

Para una audiencia contemporánea, la Quinta Sinfonía de Bruckner ofrece una experiencia única en el repertorio sinfónico. No es una obra que busque la complacencia fácil; su belleza austera y su complejidad estructural exigen atención sostenida. Sin embargo, quienes se entregan a su lógica interna descubren una obra de poder transformador. La sinfonía puede ser interpretada como un mensaje de perseverancia frente a la adversidad, de la búsqueda de lo trascendente a través del trabajo meticuloso, y del triunfo de la creatividad sobre las circunstancias adversas. Como toda gran obra de arte, la Quinta Sinfonía de Bruckner trasciende las circunstancias de su creación para ofrecernos una experiencia que sigue siendo profundamente relevante y conmovedora más de un siglo después de su composición.

Una partitura “desnazificada”

La recuperación del texto original de la Quinta Sinfonía de Bruckner está marcada por las cicatrices políticas del siglo XX. Existen dos ediciones críticas casi idénticas basadas en el manuscrito autógrafo de 1878: la de Robert Haas y la de Leopold Nowak. Haas publicó su edición en 1935, cuando el nacionalsocialismo dominaba Alemania. Restableció el manuscrito de Bruckner eliminando las intervenciones de Schalk según criterios entonces aceptados, aunque con decisiones editoriales interpretativas propias que han sido posteriormente discutidas. Realizó este trabajo al tiempo que también se alineó activamente con el régimen nazi, que instrumentalizó a Bruckner como símbolo del arte germánico “puro”. Tras la guerra, los Aliados impusieron el proceso de desnazificación, así que el trabajo de Haas fue rechazado debido a sus asociaciones políticas. Leopold Nowak, su rival académico, fue designado en 1951 para producir una edición completamente nueva. El mismo manuscrito produjo así dos ediciones muy cercanas entre sí, separadas por una guerra mundial y un abismo ideológico.

Teresa Cascudo

Catedrática del Área de Música de la Universidad de La Rioja

Colabora con la OSG escribiendo notas de programa desde 1998

Josep Caballé Domenech

director

É considerado un dos directores de orquestra máis recoñecidos e consagrados de España. Desde 2018 é director titular da Orquestra do Festival de Moritzburg. Recentemente concluíu o seu mandato de doce anos como director musical da Filharmónica de Colorado Springs, onde se converteu no primeiro director nos 98 anos de historia da orquestra en recibir o título de “Director Laureado”. De 2013 a 2018 foi Director Xeral Musical da Ópera Halle e da Staatskapelle Halle. En 2018 foi Director Artístico da Orquestra Filharmónica de Bogotá e, entre 2005 e 2007, Director Principal Invitado da Orquestra Sinfónica de Norrköping en Suecia.

Como director convidado, Caballé Domenech dirixiu unha destacada lista de orquestras que inclúen a Royal Philharmonic —coa que gravou a Trilogía de Respighi para o selo Onyx Classics—, BBC Philharmonic, Tonhalle Orchester Zurich, Hr-Sinfonieorchester, Bayerischen Rundfunk, Bamberg Symphony, WDR Sinfonieorchester, DSO Berlin, Dresden Festspielorchester, Czech Philharmonic, RSO Wien, Tonkünstler Symphony, Sinfónica Nacional Belga, Sinfónica de Amberes, La Verdi Milano, Real Filharmónica de Estocolmo, Sinfónica de Radio Sueca, Orchestre National du Capitole de Toulouse, New Japan Philharmonic, e as Orquestras Sinfónicas de Baltimore, Houston, San Antonio, Tucson, Fort Worth e Sichuan, entre outras.

Recoñecido pola súa traxectoria no ámbito operístico, Caballé Domenech debutou no Gran Teatro do Liceo de Barcelona dirixindo *Così fan tutte* e máis tarde *Il mondo della luna* de Haydn, *L'elisir d'amore*, *María del Carmen* de Granados e *Lucia di Lammermoor*. Así mesmo, dirixiu a compañía no Festival de Savonlinna e en La Fenice de Venecia. Tamén dirixiu novas producións na Staatsoper de Berlín, Staatsoper de Hamburgo, Staatsoper de Stuttgart, Semperoper de Dresden, Theater an der Wien, Volksoper de Viena, Komische Oper de Berlin, Aalto Theater de Essen, Capitole de Toulouse, Théâtre Royal de Versailles, San Carlo di Napoli, ABAO-Ópera de Bilbao, Teatro São Carlos en Lisboa, a Beijing National Opera, ademais de *Salomé* e *O cabaleiro da rosa* no Teatro Maior de Bogotá.

Outros compromisos recentes inclúen os seus debuts no Teatro da Zarzuela de Madrid e no Teatro Real en concerto con Bryn Terfel, a colaboración con Lang Lang xunto á Orquestra do Palau de les Arts de Valencia e un concerto con Yo-Yo Ma na Gala do 90 Aniversario da Colorado Springs Philharmonic. Mención especial merece o concerto a beneficio

da Fundación Gute Tat coa Orquestra do Festival de Moritzburg na emblemática Chamber Music Hall da Filharmónica de Berlín.

Cómpre incluír tamén os concertos coa Orquestra do Festival de Dresde, Konzerthaus Berlin e Kulturpalast Dresden coa Orquestra do Festival de Moritzburg, así como coa Niederrheinische Symphoniker, Orquestra Filharmónica de Lübeck, Orquestras Sinfónicas de Memphis e Portland, Orquestra Sinfónica de Asturias en Oviedo, RTVE Madrid, Orquestra Sinfónica de Barcelona, Orquestra Filharmónica de Málaga, Filharmónica de Szczecin, e concertos con Plácido Domingo en Madrid e Mérida. Dirixiu tamén *Carmen* en Porto Rico, *Ariadne auf Naxos* en Bogotá e *Lohengrin* en Dortmund.

Josep Caballé Domenech naceu en Barcelona no seo dunha familia de músicos. Ademais de estudar piano, percusión, canto e violín, completou os seus estudos de dirección de orquestra na *University of Music and Performing Arts* de Viena. Entre os seus mentores figuran Sergiu Comisiona, Jorma Panula, David Zinman e Sir Colin Davis. Foi gañador do 1º Concurso de Xoves Directores da Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias (2000) e do 13º Concurso Internacional Nicolai Malko para Xoves Directores (2001).

Tamén lle foi outorgado o Aspen Prize por parte da Academia Americana de Dirección de Orquestra e foi seleccionado como “Protégé” de Sir Colin Davis no ciclo inaugural do programa Rolex Mentor and Protégé Arts Initiative 2002-03.



Es considerado uno de los directores de orquesta más reconocidos y consagrados de España. Desde 2018 es director titular de la Orquesta del Festival de Moritzburg. Recientemente, concluyó su mandato de doce años como director musical de la Filarmónica de Colorado Springs, donde se convirtió en el primer director en los 98 años de historia de la orquesta en recibir el título de “Director Laureado”. De 2013 a 2018, fue Director General Musical de la Ópera Halle y de la Staatskapelle Halle. En 2018 fue Director Artístico de la Orquesta Filarmónica de Bogotá y, entre 2005 y 2007, Principal Director Invitado de la Orquesta Sinfónica de Norrköping en Suecia.

Como director invitado, Caballé Domenech ha dirigido una destacada lista de orquestas que incluyen la Royal Philharmonic, con la cual ha grabado la Trilogía de Respighi para el sello Onyx Classics, BBC Philharmonic, Tonhalle Orchester Zurich, Hr-Sinfonieorchester, Bayerischen Rundfunk, Bamberg Symphony, WDR Sinfonieorchester, DSO Berlin, Dresden Festspielorchester, Czech Philharmonic, RSO Wien, Tonkünstler Symphony, Sinfónica Nacional Belga, Sinfónica de Amberes, La Verdi Milano, Real Filarmónica de Estocolmo, Sinfónica de Radio Sueca, Orchestre National du Capitole de Toulouse, New Japan Philharmonic, y las Orquestas Sinfónicas de Baltimore, Houston, San Antonio, Tucson, Fort Worth and Sichuan, entre otras.

Reconocido por su trayectoria en el campo operístico, Caballé Domenech hizo su debut en el Gran Teatro del Liceo de Barcelona, dirigiendo *Così fan tutte* y más tarde *Il mondo della luna* de Haydn, *L’elisir d’amore*, *María del Carmen* de Granados y *Lucia di Lammermoor*, así mismo, ha dirigido la compañía en el Festival de Savonlinna y La Fenice de Venecia. También ha dirigido nuevas producciones en la Staatsoper de Berlín, Staatsoper de Hamburgo, Staatsoper de Stuttgart, Semperoper de Dresden, Theater an der Wien, Volkssoper de Viena, Komische Oper de Berlín, Aalto Theater de Essen, Capitole de Toulouse, Theatre Royal du Versailles, San Carlo di Napoli, ABAO-Bilbao Opera, Teatro Sao Carlos en Lisboa, la Beijing National Opera además de *Salomé* y *El Caballero de la Rosa* en el Teatro Mayor de Bogotá.

Otros compromisos recientes son los debuts en el Teatro de la Zarzuela de Madrid y el Teatro Real en concierto con Bryn Terfel, la colaboración con Lang Lang junto la Orquesta del Palau de les Arts de Valencia y un concierto con Yo-Yo Ma en la Gala 90 Aniversario de la Colorado Springs Philharmonic. Mención especial es el concierto a beneficio de la Fun-

dación Gute Tat con la Orquesta del Festival de Moritzburg en la emblemática Chamber Music Hall de la Filarmónica de Berlín.

Incluir también los conciertos con la Orquesta del Festival de Dresde, Konzerthaus Berlin y Kulturpalast Dresden con la Orquesta del Festival de Moritzburg, así como a la Niederrheinische Symphoniker, Orquesta Filarmónica de Lübeck, Orquestas Sinfónicas de Memphis y Portland, Orquesta Sinfónica de Asturias en Oviedo, RTVE Madrid, Orquesta Sinfónica de Barcelona, Orquesta Filarmónica de Málaga, Filarmónica de Szczecin, y a conciertos con Plácido Domingo en Madrid y Mérida. También dirigió *Carmen* en Puerto Rico, *Ariadne auf Naxos* en Bogotá y *Lohengrin* en Dortmund.

Josep Caballé Domenech nació en Barcelona en el seno de una familia de músicos. Además de estudiar piano, percusión, canto y violín, completó sus estudios de dirección de orquesta en la “University of Music and Performing Arts” de Viena. Entre sus mentores figuran Sergiu Comissiona, Jorma Panula, David Zinnman y Sir Colin Davis. Fue el ganador del 1er Concurso Jóvenes Directores de la Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias (2000) y del 13º Concurso Internacional Nicolai Malko para Jóvenes Directores (2001).

También le ha sido otorgado el Aspen Prize por parte de la Academia Americana de Dirección de Orquesta y fue seleccionado como “Protégé” de Sir Colin Davis en el ciclo inaugural del programa Rolex Mentor and Protégé Artes Initiative 2002-03.

ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA

Director titular
Roberto González-Monjas

VIOLINES I

Olatz Ruiz de Gordejuela Aguirre*****
Massimo Spadano*****
Ludwig Dürichen****
Iana Antonyan
Sara Areal Martínez
Ruslan Asanov
Caroline Bournaud
Gabriel Bussi
Regina Laza Pérez-Blanco
Dominica Malec Andruszkiewicz
Dorothea Nicholas
Ángel E. Sánchez Marote
Mihai Andrei Tanasescu Kadar
Florian Vlashi
Roman Wojtowicz

VIOLINES II

Fumika Yamamura***
Adrián Linares Reyes***
Gertraud Brilmayer
Lylia Chirilov
Marcelo González Kriguer
Deborah Hamburger
Enrique Iglesias Precedo
Helle Karlsson
Gregory Klass
Stefan Marinescu
Diana Poghosyan Mirzoyan

VIOLAS

Eugenia Petrova***
Francisco Miguens Regozo***
Andrei Kevorkov*
Raymond Arteaga Morales
Alison Dalglish
Despina Ionescu
Jeffrey Johnson
Jozef Kramar
Luigi Mazzucato
Karen Poghosyan
Wladimir Rosinskij

VIOLONCHELOS

Rouslana Prokopenko***
Raúl Mirás López***
Gabriel Tanasescu*
M^a Antonieta Carrasco Leiton
Andrea Fernández Ponce
Berthold Hamburger
Scott M. Hardy
Florence Ronfort
Ramón Solsona Massana

CONTRABAJOS

Diego Zecharies***
Todd Williamson*
Mario J. Alexandre Rodrigues
Douglas Gwynn
Jose F. Rodrigues Alexandre

FLAUTAS

Claudia Walker Moore***
M^a José Ortuño Benito**
Juan Ibáñez Briz*

OBOES

David Villa Escribano***
Carolina Rodríguez Canosa*

CLARINETES

Juan Antonio Ferrer Cerveró***
Iván Marín García**
Pere Anguera Camós*

FAGOTES

Steve Harriswangler***
Mary Ellen Harriswangler**
Alex Salgueiro *

TROMPAS

Nicolás Gómez Naval***
Marta Isabella Montes Sanz***
David Bushnell**
Manuel Moya Canós*
Amy Schimelmann*

TROMPETAS

Manuel Fernández Álvarez***
Thomas W. Purdie**
Javier Lasarte Puyuelo*

TROMBONES

Jon Etterbeek***
Óscar Vázquez Valiño***

TUBA

Jesper Boile Nielsen***

PERCUSIÓN

Fernando Llopis Mata***
José A. Trigueros Segarra**
José Belmonte Monar*
Alejandro Sanz Redondo*

ARPA

Celine C. Landelle***

MÚSICOS INVITADOS PARA ESTE PROGRAMA

VIOLÍN II

Carolina Fuentes Núñez
Daniel Rodríguez Castiñeira
María Rodríguez Estévez

VIOLONCHELO

Irati Font Jiménez

CONTRABAJO

Rui Pedro Rodrigues*
Gerard Dalmau Ramírez de Arellano

OBOE

Marta Sánchez Paz*

TROMPETA

Alejandro Vázquez Lamela**

TROMBÓN TENOR

Kiril Nesterov Bekker*

EQUIPO TÉCNICO - ADMINISTRATIVO

Gerente	Juan Antonio Cuéllar Sáenz
Secretario-interventor	Ángel David Murado Codesal
Jefa de gestión económica	María Salgado Porto
Coordinadora general	Ángeles Cucarella López
Jefe de producción	José Manuel Ageitos Calvo
Jefe de prensa y comunicación	Javier Álvarez Vizoso
Contable	José Antonio Anido Rodríguez
Archivo musical	Zita Tanasescu Kadar
Programas didácticos	Iván Portela López
Administración	Angelina Déniz García Noelia Reboredo Secades Ana María Ríos Pereiro María Belén Sánchez Carnota
Gerencia y coordinación	Inmaculada Sánchez Canosa
Secretaría de producción	Nerea Varela González
Prensa y comunicación	Lucía Sáñez Sanmartín
Regidores	Montse Bonhome Barreiro Daniel Rey Campaña
Auxiliar de archivo	Diana Romero Vila
Coordinación coros de la OSG	María García Sánchez
Auxiliar de regidor	David Barcón Goas

Próximos programas

Concierto **extraordinario**

18/12/25

📍 Auditorio
Ferrol

🕒 20:30h

GEORGES BIZET

Carmen: suite nº 1 (12')

Carmen: suite nº 2 (19')

JOHN WILLIAMS

Suite de "Harry Potter y la
Piedra filosofal" (13')

Double Trouble de "Harry Potter y e
l prisionero de Azkaban" (3')*

Tres canciones navideñas de
"Solo en casa"* (12')

19/12/25

📍 Palacio de la Ópera
A Coruña

🕒 20h

Concierto patrocinado por



Roberto González-Monjas *director*

Coro Joven Y Coro de Niños
de La Sinfónica de Galicia

Daniel Artés y Sofía Rodríguez *directores coro*

Venta de entradas:

A través del Servicio de Venta de Entradas de Ataquilla.com por internet durante las 24 horas del día. La compra de entradas por internet está sujeta a los gastos de gestión que aplica Ataquilla.

Taquilla de la Plaza de Orense de lunes a viernes, excepto días festivos, de 11 a 15 h. y de 16.30 a 19.30 h. En la taquilla del Palacio de la Ópera, el mismo día de la representación de 11 a 14 h. y de 17h. hasta el comienzo del espectáculo.

Orquesta Joven

de la Sinfónica de Galicia

8/01/25

📍 Auditorio sede Afundación
Pontevedra

🕒 20.30h

10/01/26

📍 Palacio de la Ópera
A Coruña

🕒 20h

GIUSEPPE VERDI

La forza del destino: obertura (7')

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI

Sinfonía nº 4 en la bemol mayor, op. 36 (44')

José Trigueros *director*

Chorus

Concerto pola
Paz 2026

11/12/25

 Coliseum
A Coruña

 19h

PROYECTO CHORUS

ARIOS

arr. PARADELA/BRIONES

Suite Disney

JOSU ELBERGIN

Todos podemos soñar

BENJ PASEK Y JUSTIN PAUL,

arr. SAAVEDRA

A million dreams

This is me

MICHEL JACKSON & LIONEL RICHIE,

arr. SAAVEDRA

We are the World

COLDPLAY,

arr. SAAVEDRA

Viva la vida

Fernando Briones *director*

Abono **VO9**/Santiago

15/01/26

 Auditorio de Galicia
Santiago de Compostela

 20.30h

16/01/26

 Palacio de la Ópera
A Coruña

 20h

ANTON BRUCKNER

Sinfonía nº 9 en re menor

Thomas Dausgaard *director*

EDITA

**Consorcio para la Promoción
de la Música**

Glorieta de América, 3
15004 A Coruña - Galicia - España
T. 981 252 021

DISEÑO TEMPORADA 25-26

Marta Cortacans

MAQUETACIÓN

María Verín

TRADUCCIÓN

Orquesta Sinfónica de Galicia

FOTOGRAFÍA

@ Marco Borggreve

IMPRIME

ABANCA

SINFÓNICA DE GALICIA



son FUTURO
programa educativo de la sinfónica de galicia

**Orquesta Sinfónica de Galicia
Consorcio para la Promoción de la Música**

Calle Riazor, 8 - 1º - 15004 A Coruña
981.25.20.21
info@sinfonicadegalicia.com

sinfonicadegalicia.com

